



CONSULTA PÚBLICA PREVIA O PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE PRESENTEN MOBILIDADE REDUCIDA DO CONCELLO DA CEE. EXPEDIENTE Nº 2025/G013/000002

NORMATIVA

Dispónse incoar procedemento para a aprobación da ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE PRESENTEN MOBILIDADE REDUCIDA DO CONCELLO DA CEE, de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A citada Lei 39/2015 regula no seu artigo 133 o exercicio do dereito da cidadanía para participar no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos, e establece no seu punto 1 que con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei, Ordenanza ou de regulamento, substanciárase unha consulta pública, a través do portal web/Sede da Administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En cumprimento do punto 1 do Art. 133 da Lei 39/2015, expónse:

CONSULTA PÚBLICA PREVIA:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

A Lei 19/2001, de 19 de decembro, de reforma del texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, impulsou aos Municipios a obrigação de conceder una tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade con problemas graves de mobilidade, con validez en todo o territorio nacional, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea.

Existe a necesidade de dotar dunha ordenanza o Concello de Cee para expedir as tarxetas de estacionamento segundo o RD 1056/20104, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.

b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

Con esta iniciativa, o regulamento pretende regular a expedición de tarxetas de estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade que presenten mobilidade ou visión reducida do Concello de Cee.

c) Obxectivos da norma.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

A regulación das Tarxetas de Estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade que presenten mobilidade ou visión reducida, permitirá:

- a. Estacionamento nos lugares habilitados para as persoas con discapacidade.
- b. Ampliación do tempo de estacionamento nas zoas de aparcamento de tempo limitado, cando así este contemplado.
- c. Parada ou estacionamento nas zonas reservadas para carga e descarga, nos termos establecidos pola administración local, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico.
- d. Parada en calquera lugar da vía, por motivos xustificados e polo tempo indispensable, sempre que non se ocasionen prexuízos aos peóns ou ao tráfico e atendendo ás normas do código de circulación vixente.
- e. Acceso a vías, áreas ou espazos urbanos con circulación restrinxida a residentes sempre que o destino atópese no interior desa zona.

d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Non se contempla outra opción. A seguridade xurídica ha de verse garantida desde o nivel regulatorio dunha Ordenanza.

Os cidadáns/as e organizacións máis representativas que se consideren afectados potencialmente pola ordenanza, poderán facer chegar as súas opinións sobre as condicións referidas anteriormente, nun prazo de **20 días** a partir da data de publicación desta consulta na Web/Sede do Concello de Cee, a través do do Rexistro Xeral ou da Sede electrónica do Concello de Cee.

Asinado na data da firma electrónica.
Alcaldesa do Concello de Cee:
D^a Margarita Lamela Louzán.